

Enderezo: Chamín-Arteixo Arteixo.

Precepto infrinxido: 6.7º.

Sanción: 105,19 euros.

Nº de expediente: PESAN1 2005/000442-1.

Denunciado: Daniel Díaz Domínguez.

DNI: 35311801-Q.

Enderezo: Folgueira, 19. Castelo. Culleredo.

Precepto infrinxido: 6.3º.

Sanción: 150,26 euros.

De conformidade co previsto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 23 de novembro de 2001 (DOG nº 235, do 5 de decembro), os importes das devanditas sancións deberán ser aboados nos prazos que establece o Regulamento xeral de recadación, ou do contrario procederase, sen máis trámite, ao seu cobro pola vía de constrinximento regulamentaria. Para o pagamento en período voluntario os interesados deberán recoller na antedita delegación territorial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos o documento de ingreso correspondente.

A Coruña, 28 de setembro de 2005.

Rosa María Liaño Pedreira  
Delegada territorial da Coruña

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 14 de outubro de 2005, da División de Recursos Económicos, pola que se anuncia concurso, polo procedemento aberto e trámite de urxencia, para a contratación de servizos de transporte sanitario do Complexo Hospitalario de Pontevedra.*

1. Entidade adxudicadora. Servizo Galego de Saúde, División de Recursos Económicos, Subdirección Xeral de Orzamentos e Aprovisionamento, edificio administrativo San Lázaro, 2ª planta. Teléfono 981 54 27 78; fax 981 54 27 62. Santiago de Compostela.

2. Obxecto do contrato. A contratación de servizos de transporte sanitario para altas hospitalarias, altas de urxencias e traslados interhospitalarios do Complexo Hospitalario de Pontevedra.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación. Concurso polo procedemento aberto e trámite de urxencia.

4. Orzamento base de licitación. Importe máximo anual previsto de douscentos noventa e dous mil setecentos euros (292.700 euros).

5. Fianzas e garantías. Garantía definitiva por importe de once mil setecentos oito euros (11.708 euros).

6. Documentos de interese para os licitadores. Os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas pódense solicitar na División de Recursos Económicos (Servizo de Xestión de Con-

certos e Recursos Propios), edificio administrativo San Lázaro, 2ª planta, Santiago de Compostela, en días laborais desde as 9.00 ata as 14.00 horas; ou na páxina da internet: [www.sergas.es](http://www.sergas.es).

7. Solvencia económico-financeira e técnica. Acreditarse conforme o establecido nos números 10 e 11 da folla de especificacións do prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Criterios de adxudicación. Os establecidos no punto 9 da folla de especificacións do prego de cláusulas administrativas particulares.

9.a) Prazo e lugar de presentación das proposicións. As proposicións presentaranse antes das 14.00 horas do oitavo día natural a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, e segundo establece o número 5.2 do prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Documentación que deberán presentar os licitadores. Os documentos que figuran no prego de cláusulas administrativas particulares e na forma que nel se sinala.

10. Data de apertura das proposicións. A apertura das proposicións admitidas será realizada pola mesa de contratación, reunida en acto público na sala de xuntas 2-1 do Sergas (2ª planta), a partir das 9.30 horas do sétimo día natural, contado a partir do seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación de ofertas. No caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo, a apertura das proposicións terá lugar o seguinte día hábil.

11. Anuncios. Os anuncios do presente concurso serán por conta do adxudicatario do contrato.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2005.

Ana Fernández Pulpeiro  
Directora xeral da División de Recursos  
Económicos

## b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

### CONCELLO DA ILLA DE AROUSA

*Anuncio.*

A Xunta de Goberno, en sesión do 16 de setembro de 2005, aprobou con carácter inicial o estudo de detalle da área residencial 20, na rúa Cabodeiro-Furado, presentado por Residencial Illa de Arousa, polos técnicos Maite Bollas Rodríguez, Carolina Álvarez Míguez, David Cacaueiros Río e Alfonso Penela Fernández e visado polo COAG o 6 de xuño de 2005. Disponse, de conformidade co establecido no artigo 86.2º da Lei do solo de Galicia, a apertura dun período de información pública polo espazo de vinte días, logo da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* nun dos xornais de maior circulación da provincia e o expediente estará á dis-

posición dos interesados na oficina de Urbanismo do Concello para efectos de examinar a documentación inicialmente aprobada e a formulación das alegacións que se consideren pertinentes.

A Illa de Arousa, 22 de setembro de 2005.

José Manuel Vázquez Vázquez  
Alcalde-presidente

## CONCELLO DE LUGO

### Anuncio.

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 13 de outubro de 2005, aprobou a forma de adxudicación, mediante concurso, para executar as obras de gardaría de 4 uds. na unidade de actuación centro sur 15, parcela 12. Por medio deste anuncio dáse a coñecer a licitación consonte as seguintes características:

#### 1. Entidade adxudicataria.

- a) Organismo: Concello de Lugo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Asuntos Xerais.

#### 2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: a execución das obras do proxecto denominado gardaría de 4 unidades na unidade de actuación centro sur 15, parcela 12.

d) Prazo de execución: dez meses. Non obstante o prazo será o ofertado polo contratista adxudicatario.

#### 3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) Tramitación: urgente.
- b) Procedemento: aberto.
- c) Forma: concurso.

#### 4. Orzamento de licitación.

Importe total: o prezo máximo do contrato é de 439.243 euros. Non obstante o prezo será o ofertado polo contratista adxudicatario, podéndose mellorar a oferta á baixa.

#### 5. Garantías.

Provisional: 8.784,86 euros.

Definitiva: 4% do importe de adxudicación.

#### 6. Obtención de documentación e información.

- a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Asuntos Xerais.
- b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.
- c) Localidade e código postal: Lugo, 27002.
- d) Teléfonos: 982 29 71 86, 982 29 71 43.
- e) Telefax: 982 29 72 59.

f) Data límite de obtención de documentos e información: ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

#### 7. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: grupo C, subgrupos 2 ou 3, categoría D).

b) Outros requisitos: os sinalados no prego de cláusulas.

#### 8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 13 días naturais seguintes ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Documentación que hai que presentar: a que figura na cláusula novena do prego de cláusulas administrativas.

#### c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo. Oficina de rexistro, ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

3ª Localidade e código postal: Lugo, 27002.

#### 9. Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3º andar).

c) Localidade: Lugo.

d) Data: o segundo día (agás sábados ou festivos) ao remate do prazo de presentación das proposicións.

#### 10. Outras informacións: as que se recollen no prego de cláusulas administrativas particulares.

11. Gastos dos anuncios: 860,05 euros que serán por conta do contratista adxudicatario.

Lugo, 13 de outubro de 2005.

P.D.

Francisco Félix Fernández Liñares  
Tenente alcalde delegado da Área  
de Economía, Emprego e Zona Rural

## CONCELLO DE MUGARDOS

*Anuncio do estudo de detalle para o establecemento e completamento de aliñacións, rasantes e ordenación de volumes, promovido por Hermanos Gómez Lale, S.A.: aprobación inicial.*

A Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 6-10-2005, aprobou inicialmente o estudo de detalle para ordenar volumes e reaxustar aliñacións e rasantes de parcela urbana sita na r/ Xesteira, promovido por *Hermanos Gómez Lale, S.A.*, redactado pola arquitecta Elia Estraviz Prado, con data de xullo de 2005.

O que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 86.2º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para efectos de que durante o prazo de vinte días, contado a partir da publicación deste